SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

O COLEXIO

Todos os nenos e nenas van ao colexio. Este é o colexio de Tomé, Mireia, Brais e Aloia.

O que máis lle gusta a Tomé é ler libros de contos.

A Mireia tamén lle gusta ler. E gústalle aínda máis escribir.

Mireia quere ser escritora, e escribir libros.

O avó Celso é o avó de Mireia e Tomé.

Acompáñaos ao colexio todas as mañás. Sabe moitas cousas. Gústalle contar historias.

A Brais gústanlle os libros que falan de animais. O seu animal favorito é o can. Aloia está debuxando unha flor. Coñece os nomes de moitas plantas.

O can Cirilo vive na casa de Brais e Aloia. É un can moi listo. Acompáñaos á escola. Pero despois ten que volver á casa.

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

Brais está moi atento ás explicacións da mestra.
Mira atentamente a pizarra.
Gústalle aprender.

A biblioteca é un dos lugares favoritos dos nenos e nenas na escola. Hai libros moi divertidos.
A bibliotecaria é moi simpática.

Mireia busca unha palabra no diccionario.
A palabra é "reciclaxe".
Ela non sabe o que significa.
Sábelo ti?

Tomé está na "Illa de Reciclaxe" da escola.
Sabes para que serve?
A túa escola ten "Illa de Reciclaxe"?

No patio da escola hai un xardín que todos coidan.
Aloia está regando unha flor. Sabes como se chama?

Na túa casa hai flores e plantas?

Cantos nomes diferentes de plantas sodes capaces de recordar?

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

O avó Celso ten dúas adiviñas para ti:

É un sabio gordinflón
pregúntanlle, pero non
fala.
Sabe todas as respostas,
e ten todas as palabras.

Sabes de quen falamos? Sinala a imaxe que corresponda

Na aula nun rinconciño,
Que cousa, cousiña é,
enchémola de touciño?
Non! Enchémola con papel!

Busca o significado das tres palabras
da pizarra e apúntao no teu caderno:

"Reducir". "Reutilizar ". "Reciclar"

Axúdalle a Brais a atopar as diferencias :

Cal é o camiño correcto á biblioteca?
E o camiño á
Illa de Reciclaxe?



O can Cirilo é un lambón. Gústalle moito comer. Hoxe comeu as vogais de varias palabras aquí na "Illa de Reciclaxe".
Imos necesitar a túa axuda para saber de que palabras se trata:

No colector azul depositamos o p.....p.....l e o cartón

No colector .....m.....r.....l..... botamos os envases de plástico, briks e as l.....t.....s

Os restos non reciclables van ao colector v.....rd....

Mira o reloxo. A esta hora Mireia sae da casa. Tarda media hora en chegar ao cole

Sabes a que hora entra na escola?
A que hora entras ti na túa escola?
E a que hora saes?
Serías capaz de representalo neste reloxo?